

## DECRETO

Miguel Couto Alonso, Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente 2020/U026/00007 no Servizo de Urbanismo relativo a adopción de medidas extraordinarias de exercizo da súa actividade para os establecementos de lecer nocturno e visto o informe emitido pola Técnico de Administración Xeral adscrita ó mesmo con data do 2/10/2020, obrante no expediente, en cuxa parte expositiva se fai constar o seguinte:

### **“Asunto.: Adopción de MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE EJERCICIO DA SUA ACTIVIDADE PARA OS ESTABLECEMENTOS DE LECER NOCTURNO**

**1.-** Por Orde do 15 de agosto de 2020 da Consellería de Sanidade, a Administración autonómica acordou o peche das discotecas e resto de establecementos de lecer nocturno, fundamentado na propia natureza da actividade que se desenvolve neste tipo de locais, relacionada co aumento dos brotes de Covid 19, experimentados.

**2.-** Por outra banda, o artigo 3.2 do Real Decreto-lei, 21/2020, de 9 de xuño de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise, dispón que *“Corresponderá a los órganos competentes de la Administración general del Estado, de las comunidades autónomas y de las entidades locales, en el ámbito de sus respectivas competencias, las funciones de vigilancia, inspección y control del correcto cumplimiento de las medidas establecidas en este real decreto-ley”*.

**3.-** Finalmente, convén apuntar que a **concesión de licenzas de actividade a establecementos hostaleiros, e a fixación das condicións para o seu desenvolvemento, é unha competencia municipal.**

Así deriva tanto do disposto no artigo 6 do Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas no que se establece que: *“Independientemente de la intervención que las Leyes y Reglamentos conceden en esta materia a otros Organismos, será competencia de los Alcaldes la concesión de licencias para el ejercicio de las actividades reguladas, la vigilancia para el mejor cumplimiento de estas disposiciones y el ejercicio de la facultad sancionadora con arreglo a las prescripciones de este Reglamento y sin perjuicio de las que correspondan a los Gobernadores civiles”*, como no artigo 5 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia que dispón a competencia municipal para o outorgamento de licenzas a este tipo de locais.

4.- O Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o catálogo dos espectáculos públicos, as actividades recreativas e os establecementos abertos ao público da comunidade autónoma de Galicia, contén, entre outras, as definicións de **discoteca, pub ou café-espectáculo**, de onde é posible concluir que nos ditos establecementos se leva a cabo a realización de actividades tipicamente hostaleiras, como son a venda e subministración de bebidas e nalgún caso comidas, xunto con outras, como son o baile e a reprodución de música amplificada, que exceden do contido puramente hostaleiro.

Visto o exposto:

.- Parece evidente que o **obxecto das resolucións autonómicas** é limitar o desenvolvemento de actividades que supoñan un maior risco para saúde pública, se ben non parece que a actividade pura e tipicamente hostaleira (venda e subministración de bebidas e/ou comidas), sexa susceptible de implicar un maior risco para saúde si esta se somete aos criterios, réxime horario e condicións fixados, en xeral, para os establecementos de hostalaría e restauración.

.- Neste sentido cómpre recordar que a actuación dos poderes públicos debe estar presidida polo respecto aos **principios de igualdade, proporcionalidade e intervención mínima**, de modo que sempre que sexa posible alcanzar un obxectivo de interese xeral dunha forma menos lesiva e gravosa para os intereses e dereitos particulares, deberá optarse por esta, en detrimento daquela que poida supor unha maior afección a tales intereses individuais.

Así o artigo 4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que: *“Las Administraciones Públicas que, en el ejercicio de sus respectivas competencias, establezcan medidas que limiten el ejercicio de derechos individuales o colectivos o exijan el cumplimiento de requisitos para el desarrollo de una actividad, deberán aplicar el principio de proporcionalidad y elegir la medida menos restrictiva, motivar su necesidad para la protección del interés público así como justificar su adecuación para lograr los fines que se persiguen, sin que en ningún caso se produzcan diferencias de trato discriminatorias. Asimismo deberán evaluar periódicamente los efectos y resultados obtenidos”*.

É por todo iso que, en aplicación dos principios citados, **estímase posible autorizar** aos establecementos nos que se desenvolven actividades de **discoteca, sala de baile e locais de lecer nocturno en xeral**, o desenvolvemento única e exclusivamente daquela parte da súa actividade puramente hostaleira (venda e subministración de bebidas e comidas, segundo o caso), sempre que se someta aos criterios e condicións de

protección da saúde fixados pola Consellería de Sanidade para os establecementos de hostalaría e restauración en xeral.”

En virtude de canto antecede, e no uso das atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e a normativa específica de aplicación, e segundo atribucións delegadas pola Alcaldía no Decreto número 19005684 do 1/07/2019, modificado polo Decreto número 5286/2020 do 18 de setembro de 2020,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Que os establecementos de lecer nocturno que contén con licenza municipal de actividade en vigor incardinables nas categorías de discoteca, pub e locais de lecer nocturno poderán continuar desenvolvendo aquela parte da súa actividade de contido puramente hostaleiro -entendido por tal, a venda e subministración de bebidas e/ou comidas, segundo proceda conforme á licenza xa concedida- someténdose aos límites, criterios e condicións fixados para establecementos de hostalaría e restauración en xeral pola Consellería de Sanidade, impedíndoselles, en todo caso, o desenvolvemento da parte da actividade que exceda de tal contido.

**SEGUNDO.-** Particularmente, quedará prohibida a utilización dos equipos de reprodución de música amplificada, o horario máximo de peche quedará fixado na 01:00 horas (o de apertura será o que corresponda conforme á licenza que teña concedida cada establecemento), non podendo admitirse novos clientes a partir das 00:00 horas, e non se permitirá o uso de pistas de baile ou similares.

**TERCEIRO.-** A presente Resolución quedará sen efecto no momento no que se acorde o levantamento da medida de peche dos referidos establecementos ou cando así o determine a Concellaría delegada de Urbanismo á luz da evolución da pandemia e do eventual aumento do risco sanitario ou demais medidas que se adopten pola administración autonómica.

**CUARTO.-** Ordenar a publicación desta Resolución na páxina web municipal e a súa comunicación ao Servizo de Policía Local aos efectos que procedan

Cúmprase.